

Xosé Afonso Álvarez Pérez (Centro de Linguística da Universidade de Lisboa)

Cartografía lingüística de Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de 2 casos

1. Introducción

Esta comunicación quere presentar un novo proxecto de xeografía lingüística, elaborado en parceria entre o *Centro de Linguística da Universidade de Lisboa* (CLUL) e o *Instituto da Lingua Galega* (ILG), da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo desta iniciativa é elaborar un atlas, acompañado de comentarios, que estude a realidade lingüística de norte a sur da franxa occidental da Península Ibérica, sen ter en conta a fronteira política existente entre Galicia (España) e Portugal, representando nun mesmo mapa, acompañado de comentarios, os resultados galegos e portugueses, dúas ramas do diasistema lingüístico galego-portugués¹.

2. O contexto histórico e social do territorio estudado

Galicia e o norte de Portugal – a grandes trazas, o territorio da *Gallaecia* romana – comparten unha historia común ata os inicios do século XII. En 1096, D. Afonso VI, rei de Castela, Galicia e León, crea o *Condado Portucalense*, unha división administrativa que se estendía ó sur do río Miño, e confía o goberno deste territorio a Henrique de Borgoña, casado coa súa filla Teresa. Á morte de D. Henrique, Dna. Teresa asume o goberno do Condado, nunha época convulsa, tanto polo avance dos almorábides coma polas loitas coa súa medio irmá a raíña Dna. Urraca e os numerosos conflitos internos, ata chegar á batalla de São Mamede (1128), en que Dna. Teresa foi derrotada polo propio fillo, D. Afonso Henriques. A pesar de que ese suceso foi mitificado por boa parte da historiografía

¹ A elaboración deste traballo contou con financiamento do Ministerio de Educación do Gobierno de España e da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología. Insírese dentro dos proxectos *Tesouro Dialectal Português* (financiado pola *Fundação para a Ciência e a Tecnologia*, Portugal, PTDC/CLE-LIN/102650/2008) e *Tesoro del léxico patrimonial gallego y portugués. Banco de datos electrónico (corpus gallego) y cartografía automática* (Ministerio de Ciencia e Innovación, España, FFI2009-12110).

portuguesa como a acta de nacemento de Portugal, o feito é que Afonso Henriques non se proclamara rei ata 1139, proclama recoñecida polo seu primo, D. Afonso VII de León e de Castela, en 1143.

Deste modo, quedan separados o novo reino de Portugal e Galicia, daquela integrada en Castela e León e, hoxe en día, en España². A fronteira establecida entre eles ten dúas partes ben diferenciadas, unha « raia húmida / mollada » ó oeste, sobreposta ó curso do río Miño, e unha « raia seca » ó leste. Calquera das dúas, especialmente a segunda, foi unha fronteira permeable durante a maior parte da historia, permitindo a circulación de traballadores, o encontro de persoas de ambos países en mercados ou romarías ou, incluso, matrimonios mixtos³.

A pesar desta fluidez de contactos, reimpulsados aínda máis nos últimos 20 anos, grazas ó acordo de Schengen, é obvio que o establecemento da fronteira tivo fortes efectos na lingua falada nun e outro lado da Raia e contribuíu a aumentar a diverxencia entre unhas variedades que xa presentaban diferenzas dialectais na Idade Media. Sinalemos unicamente tres factores. 1. Os centros locais e rexionais de prestixio, aqueles que serven de modelo implícito ou explícito para a lingua, son distintos no caso galego e no portugués. 2. Aínda que o portugués non escapou tampouco da súa influencia (Venâncio no prelo, entre outros), o peso do castelán é abafante sobre o galego, dando lugar a fenómenos de interferencia e hibridismo. 3. A partir da segunda metade do século XX, diferentes aparatos do estado moderno, principalmente a estrutura burocrática, a organización escolar ou os medios de formación de masas, constitúen unha potente plataforma para a difusión do estándar⁴, que está a substituír as variedades dialectais.

² Ata o ano 1169, a fronteira entre os dous reinos variou moito. Posteriormente, mantívose relativamente estable, aínda que cómpre lembrar que, na época medieval, máis que falar de liña de fronteira, hai que falar de «espazo fronteirizo», cuns límites imprecisos, que só se foron fixando a medida que se foi afirmando o estado moderno. No caso que nos ocupa, foi o Tratado de Lisboa (1864) o que delimitou con minuciosidade a fronteira, facendo desaparecer « anomalías » como o Couto Mixto – un enclave privilexiado en que os habitantes podían escoller entre a nacionalidade española ou a portuguesa, estando exentos do servizo militar ou do pago de tributos ; véxase García Mañá (2005) – ou as tres « aldeas promiscuas », levantadas sobre a propia liña de fronteira e, por iso, residencia privilexiada para fuxitivos, evasores fiscais, contrabandistas, etc. Mentres que o Couto Mixto pasou a España, as *aldeas promiscuas* integráronse en Portugal.

³ A recente monografía coordinada por Heriberto Cairo e outros (Cairo Carou 2009) contén varios traballos que dan conta da vida na fronteira hispano-lusa nos séculos XIX e XX. Nunha perspectiva máis lingüística, pode consultarse tamén Maia (2001).

⁴ Primeiro o portugués, xa que o galego só pode comezar a súa difusión (limitada) nas últimas dúas décadas do século XX, unha vez obtida a oficialidade e establecidas as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma.

3. Materiais de traballo

O material primario procede de dous atlas lingüísticos emprendidos polas institucións que colaboran neste proxecto, o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), parcialmente publicado⁵, e o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), para o que se realizaron enquisas entre 1973 e 2004 e que actualmente está en proceso de edición⁶. Para lograr unha rede de puntos equilibrada, vista a diferenza de densidade nas mallas dos referidos atlas, só se toman en consideración 70 dos 167 lugares de enquisa planeados para o ALGa, dentro (152) e fóra da Galicia administrativa (15). O ALEPG conta con 212 puntos, 176 en territorio peninsular portugués, 17 nos Azores, 7 na Madeira e 12 na España, en localidades fronteirizas de fala galego-portuguesa.

O confronto dos cuestionarios destes atlas⁷ revela unhas oitocentas coincidencias, das que se seleccionarán entre cen e douscentos conceptos, referidos esencialmente a cuestións fonético-fonolóxicas e lexicais; os cuestionarios teñen serias discrepancias no tipo de morfoloxía estudada e no modo de abordala e a sintaxe está pouco presente nas dúas obras, para alén de precisar dunha metodoloxía específica.

Aínda que non vaian ser cartografados, terán importancia capital para o comentario dos mapas os datos provenientes do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*, que conta, no que ó territorio ibérico se refire, coa participación do *Centro de Linguística da Universidade de Lisboa*, o *Centro de Estudos de Linguística Geral e Aplicada* da Universidade de Coimbra e o *Instituto da Lingua Galega*. Esta iniciativa⁸ ten a intención de dixitalizar, etiquetar e poñer na rede diferentes traballos dialectais brasileiros, galegos e portugueses. Este repositorio permitirá realizar buscas simultáneas nunha inmensa cantidade de información dialectal, ata agora de difícil acceso, que complementará e ampliará as respostas dos atlas.

Nas dúas últimas décadas foron aparecendo diferentes iniciativas que estudan de modo contrastivo datos dialectais galegos e portugueses, ás que temos que sumar os numerosos

⁵ Os traballos de campo sucedéronse entre 1974 e 1976, mais unha enquisa realizada no 1977. Ata o momento, apareceron cinco volumes deste atlas: dous dedicados á morfoloxía (verbal e non verbal), un á fonética e dous ó léxico (tempo cronolóxico e atmosférico e ser humano). Para máis detalles sobre o ALGa, pódense consultar González González (1994) e González González (2007).

⁶ A obra conserva a palabra *Galiza* no título, pois a intención orixinal no momento de concepción do atlas era enquisar tamén Galicia. No entanto, o comezo dos traballos do ALGa levou a abandonar esta idea, deixando só tres puntos enquisados no territorio administrativo galego, mais un en Hermisende, localidade lindeira con Galicia e Portugal situada na provincia de Zamora. Unha obra derivada do ALEPG, o *Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores*, xa comezou a editarse en papel e nos próximos meses estará dispoñible na Internet. Para máis detalles sobre o ALEPG, véxase Saramago (2006).

⁷ No caso do ALEPG, seleccionouse o cuestionario reducido, o único que foi enquisado en todos os puntos, e que non inclúe algúns campos semánticos (tempo cronolóxico e atmosférico, partes do corpo, festas,...).

⁸ Descrita en Álvarez *et al.* (2009).

traballos xeolingüísticos dun e doutro lado da Raia, desde diferentes perspectivas e modelos teóricos⁹. Todos eles proporcionarán materiais relevantes para realizar os comentarios dos nosos mapas.

4. Dous estudos de caso: designacións galegas e portuguesas para a lavandeira e o cabalo do demo

Presentarei a seguir dúas análises preliminares que contrastan as designacións galegas e portuguesas para dous animais voadores, a lavandeira e o cabaliño do demo, ou libélula¹⁰. A escolla destes dous conceptos obedece principalmente á existencia de estudos recentes que explican as principais denominacións, o que nos permitirá reservar o limitado espazo con que contamos nestas actas para o exame da distribución galego-portuguesa das designacións, remitindo a estes traballos para máis informacións sobre a etimoloxía ou motivación das formas, así como paralelos noutras linguas europeas¹¹. Como inda non está completa a transcripción de todos os puntos do ALEPG, o presente estudo non ten en conta a totalidade dos 212 puntos de enquisa, senón unha cantidade menor, unha restricción que, no entanto, non afecta a finalidade deste ensaio, amosar a utilidade e riqueza da perspectiva contrastiva.

4.1. A lavandeira

A maioría das respostas son comúns para todas as especies do xénero *Motacilla*, designación taxonómica que fai referencia ó movemento da cola tan característico destas aves; cando o falante sente a necesidade de precisar, fanse especificacións como *alvéola-branca* (*Motacilla alba*) e *alvéola-cinzenta* (*Motacilla cinerea*). Para comprender as denominacións que foron recollidas é necesario facer unhas observacións sobre o hábitat e costumes deste animal. A súa alimentación baséase en insectos e en larvas, que adoita encontrar en dous sitios, nas beiras dos ríos e regatos e na terra que se remove durante a

⁹ En Álvarez (2011a) descríbense diferentes materiais lingüísticos de interese para o estudo da fronteira entre Galicia e Portugal, ademais dalgúns proxectos de investigación en perspectiva comparativa. Complementase con Álvarez (no prelo), centrado na visión do galego que teñen os filólogos e lingüistas portugueses e en investigacións sobre o portugués setentrional, de indubidable interese para o galego.

¹⁰ Álvarez (2010) estuda as designacións galegas e portuguesas de catro conceptos do campo semántico da gandaría, semellantes ós analizados por Cintra (1962) no seu clásico estudo sobre áreas lexicais.

¹¹ En concreto, Santos Rincón (1951) e Mondéjar (1991) achegan algunhas notas sobre a lavandeira no espazo iberorrománico e Hoyer (2001) analiza as designacións románicas da libélula. Álvarez (2011 b) estuda estes dous conceptos, acompañados doutros relacionados, no arquipélago azoriano.

labranza. No primeiro deses lugares, camiña ó lado da auga, moitas veces entre as mulleres que están lavando a roupa, o que motiva denominacións como *lavandeira* ou *andarríos* (hai quen diga que a motivación está reforzada polos movementos que dá o paxaro coa cola e que o falante podería asociar cos golpes que daban as lavadeiras coa pa á roupa). Na leira, adoita situarse xusto detrás do arado ou outros apeiros, para comer os vermes, larvas de insectos e semellantes que van saíndo á luz a medida que se lle dá a volta á terra; así, non falta quen pense que está acompañando os bois e a chame *alindadora* nin quen diga que é *sementadeira*.

Para este concepto, encontramos na nosa rede 245 respostas, 75 en Galicia e 170 en Portugal, que podemos agrupar do seguinte modo:

1. Continuadores do lat. ALBELLULA: *alvéola/arvéola*, 99 respostas en Portugal.
2. Designacións referentes á súa presenza na beira dos ríos
 - 2.1. Formas do tipo *lavandeira*: 57 respostas en Galicia e 29 en Portugal¹².
 - 2.2. Formas do tipo *lavandisca*: 10 respostas en Portugal¹³.
 - 2.3. Formas dos tipos anteriores, con posible cruzamento con *labrar/lavrar*: 10 respostas en Galicia e 8 en Portugal¹⁴.
 - 2.4. Outras designacións: 1 resposta en cada país¹⁵.
3. Designacións referentes á súa presenza nos campos
 - 3.1. ‘Acompañante dos bois’: 1 resposta en Galicia e 13 en Portugal¹⁶.
 - 3.2. ‘Sementadora’: 2 respostas galegas¹⁷.
4. Designacións antroponímicas: *señorita*, 2 respostas en Galicia.
5. Uso de nomes doutros paxaros: 4 respostas portuguesas¹⁸.
6. Outras respostas: 2 galegas e 6 portuguesas¹⁹.

Das 75 respostas galegas, só 5 (un 6’67%) aparecen exclusivamente en Galicia, sen teren equivalente en territorio portugués. Por contra, das 170 respostas portuguesas, máis das tres cuartas partes (o 76’47%) teñen presenza só en Portugal, sen teren paralelos no galego.

¹² As formas galegas son *lavandeira*, *lavandera* e *bandeiriña*; as portuguesas, *lavadeira* e *lavandeira*.

¹³ As formas son *lavandeirisca* (1) e *lavandisca* (9).

¹⁴ Trátase da resposta galega *labrandeira* e das formas portuguesas *lavra(n)deira* (6), *lavrainha* (1) e *lavrandisca* (1).

¹⁵ Son as respostas *andarríos* (Galicia) e *arvela ribeirinha* (Portugal).

¹⁶ A forma galega é *alindadora*. As designacións portuguesas son *pastorinha* (1), *boeira*, *boeirinha* e variantes (10), *arvéola boeira* (1) e *passarinha boeira* (1).

¹⁷ Trátase das formas *sembradora* e *sementadeira*.

¹⁸ Neste caso, parece máis probable que esteamos diante de confusión de referentes. As formas localizadas son *laverca* (2 puntos), *milharita* (1) e *pintassilgo* (1).

¹⁹ Son elas as respostas galegas *debandeira* e *margarita* e, en Portugal, *adivinha-neve*, *bandoleira*, *debandisca*, *galinha-de-Nosso-Senhor*, *ravo-foguete* e *sem ravo*. Para a forma *galinha-de-Nosso-Senhor*, véxase o apuntado en Álvarez (2011 b) sobre as formas con modificadores máxico-relixiosos.

Faremos agora algúns comentarios sobre a distribución espacial das respostas comúns ós dous territorios. O groso das formas coincidentes son as situadas nos grupos 2.1. e 2.3. da clasificación anterior. Ademais, consideramos como equivalentes o par *debandeira* (provincia galega de Pontevedra) / *debandisca* (distrito de Viana do Castelo) e mais dúas parellas que non coinciden na forma, pero si no significado. Trátase de *alindadora* (provincia de Lugo) e *pastorinha* (distrito da Guarda) e mais de *andarríos* (Lugo) e *arvela ribeirinha* (distrito de Beja).

No mapa 1, situado en anexo ó final deste traballo, constátase unha clara continuidade entre as formas do tipo *lavandeira* galegas e portuguesas, representadas cun círculo. No caso das designacións con posible cruzamento con *labrar*, cartografadas cun triángulo inscrito nunha circunferencia, a situación é algo distinta. As respostas galegas concéntranse no sureste do territorio, ocupando boa parte da provincia de Ourense, agás un punto occidental, na península do Barbanza. As respostas portuguesas están presentes en tres lugares: a) en Castro Leboeiro, no distrito de Viana do Castelo, a un par de quilómetros da fronteira e próximo á zona da resposta galega *labrandeira*; b) nunha área compacta no leste, entre Castelo Branco e Guarda, en terras repoboadas por colonos setentrionais que foran obxecto de interese de lingüistas portugueses da relevancia de Luís F. Lindley Cintra e Clarinda Maia; c) un punto illado nos arredores de Ovar.

No que respecta ás outras respostas, sinalamos que *debandeira* e *debandisca* están próximas, a uns 60 quilómetros unha da outra, sempre no occidente da faixa atlántica. Por contra, os outros dous pares xa non gardan ningún tipo de proximidade, algo que se podía esperar, pois son formas de distinta familia, inda que o significado estea próximo.

Constátase, por último, que a resposta predominante en Portugal, *alvéola/arvéola*, é central e meridional, non existen testemuños ó norte do Douro e, como xa foi dito, tampouco a hai no galego.

4.2. Cabalo do demo ou libélula

Baixo a designación xeral de *libélula* ou *cabaliño do demo* agrupamos normalmente²⁰ 6000 especies diferentes de insectos, pertencentes todos á orde *Odonata*, caracterizados polo seu corpo alongado e a posesión de dous fortes pares de ás. O seu hábitat sitúase nas proximidades de auga, pois é no medio acuático que poñen os ovos e onde crían as súas ninfas. A diferenza doutros insectos, non morde os homes, pero presenta unhas fortes mandíbulas que ás veces fan que sexa visto como animal agresivo e perigoso.

As respostas encontradas na nosa rede, que se representan no mapa 2 do anexo, pódense agrupar do seguinte modo:

1. Continuadores dun lat. LIBELLA, con sufixación: *libelinha*, 17 respostas portuguesas.

²⁰ En rigor, as libélulas son os individuos da sub-orde dos *Anisoptera*, mentres que os cabaliños do demo son da *Zygoptera*; as diferenzas consisten na posición das ás, na separación dos ollos e do talle, pero non son grandes, e é habitual recibiren a mesma designación.

2. Designacións referentes á súa morfoloxía: 1 resposta en Galicia e 2 en Portugal²¹.
3. Designacións referentes ó movemento do animal.
 - 3.1. Comparación co mundo da aviación: 2 respostas en Galicia e 6 en Portugal²².
 - 3.2. 'que move o cu': *bate-cu(s)*, *bate-cuzes*, 6 respostas en Portugal.
 - 3.3. Comparación co aceiteiro, polo talle longo do animal e o modo de depositar os ovos: 28 respostas portuguesas²³.
4. Designacións referentes ós danos, reais ou imaxinarios, que se inflíxen ó home ou a outros animais: 1 resposta galega e 58 respostas portuguesas²⁴.
5. Designacións antropomórficas: 2 respostas galegas e 16 portuguesas²⁵.
6. Uso do nome doutros animais.
 - 6.1. Insectos e pequenos animais: 1 resposta galega e 17 portuguesas²⁶.
 - 6.2. Aves: 2 respostas galegas e 2 portuguesas²⁷.
 - 6.3. Cabalo: 55 respostas galegas e 7 portuguesas²⁸.

Recolléronse 65 respostas na rede galega, das cales só 10 (o 15'38%) son exclusivas de Galicia. Por contra, hai 159 rexistros na rede portuguesa, e máis da metade (57'23%) deles aparece unicamente en Portugal. Esta porcentaxe, xa elevada de por si, podería ser moito maior (90'66%), porque a designación lusa maioritaria, *tira-olhos*, realmente só comparece en Galicia unha vez, en Salceda de Caselas, ó sur da provincia de Pontevedra e a apenas 3 km do río Miño, fronteira política con Portugal.

As outras respostas comúns ós dous territorios gardan unha distribución espacial bastante diferente á observada para o concepto 'lavandeira'. Só unha é específica da área

²¹ Son as formas *cuchillo* (nun punto leonés da rede do ALGa) e as portuguesas *maça-leites* e *maço-rodeiro*.

²² Trátase das respostas *avión* pola parte galega, co seu paralelo portugués *avião/aviões* (5 respostas). Rexístrase tamén a forma *aviadores* nun punto meridional portugués.

²³ Estas formas son *azeiteiro* (22 respostas), *azeitão* (1), *caga-azeite* (2) e *pinga-azeite* (3).

²⁴ A resposta galega, *tiraollos*, xa foi comentada anteriormente; é tamén *tira-olhos* a que máis presenza ten en portugués (53 rexistros), as outras respostas aparecen só unha vez en cada punto: *capadores*, *corta-nariz*, *corta-olhos*, *pica-peixes*, *pica-porco*.

²⁵ As formas galegas son *ferreiro* e *gaiteiro*. As respostas documentadas en Portugal son *alfaiate* (8 respostas), *bispo* (1), *gaiteiro* (3), *sapateiro* (1), *soldado* (1), *torero* (1) e *Zé Grande* (1).

²⁶ A única resposta galega é *alacrán*. As respostas portuguesas, que designan seis animais distintos, son: *abelhões* (1 resposta), *abesoiro* (1), *atabão* (1), *cegarrela* (1), *cigarra* (7), *moscardo* (1), *taranta* (2) e *zângão/zângaro/zangões* (3).

²⁷ As respostas galegas son *mazarico* e *pita de auga*, mentres que as formas portuguesas son *caturro* e *passarinha*.

²⁸ Contamos cun rico grupo de designacións deste tipo. Sen especificador, só hai un *cabalo* en Galicia e dous *cavalinho* en Portugal. As formas cun especificador que significa 'do Demo' son as máis numerosas, hai 50 na rede do ALGa (con diversas variantes: *cabalo del demonio*, *cabalo do demo*, *caballo del diablo*, etc.) e 5 en puntos de Portugal: *cabalhos del diablo* e *cavalo do diabo*. O territorio lingüístico galego coñece formas con outros modificadores: *cabalo da auga* (1), *caballo del río* (1), *cabalo-cobra / cabalo das quiobras* (2) e *cabalo do rei* (1).

fronteiriza. Trátase da designación antroponímica *gaitero*, representada no mapa 2 por un cadrado cun punto no seu interior e que se documenta en 3 puntos portugueses e 1 galego, da parte oriental, e todos eles a menos de 30 km da liña de fronteira. As respostas do tipo *avión* (representadas, neste caso, por un rombo, tamén con punto no medio) gardan un patrón semellante, pero xa están moito máis distanciadas entre si: 2 puntos galegos en Baiona e Ribas de Sil e 4 puntos no norte de Portugal, separados os extremos uns 150 quilómetros. Hai, ademais, unha resposta relacionada que se afasta deste patrón, é a forma *aviadores*, documentada en Alvor, distrito de Faro.

A forma maioritaria, con moito, no galego, é o tipo *cabaliño do Demo*, que cobre case toda a Galicia. Por contra, en Portugal aparece moi esporadicamente. Hai tres puntos no leste do distrito de Braganza, a uns 60 quilómetros da fronteira galega, pero os outros dous rexistros están bastante afastados, un entre Leiría e Tomar e outro aínda máis ó sur, en Moura, distrito de Beja. Tamén existe a resposta simple, *cabalo*, e a súa distribución é moi semellante á que apuntamos anteriormente para as designacións do tipo ‘pastora’ para a lavandeira: un rexistro no oriente de Lugo, xa case en Asturias, e outro na zona portuguesa da Guarda. No caso que nos ocupa, *cavalo* ten dous rexistros, un en Monteiro e outro en Fóios (sempre no distrito da Guarda), e Hoyer (2001) indícanos que é tamén a resposta maioritaria do outro lado da Raia, no castelán occidental.

5. Algunhas notas finais

O exame dos conceptos ‘lavandeira’ e ‘cabalo do Demo’²⁹ revela que non existen pautas sistemáticas na distribución de léxico galego e portugués e que non sempre hai continuidade xeográfica entre as respostas dos dialectos setentrionais lusos e as das falas galegas meridionais. Xa se observou, por dar un exemplo, que a forma maioritaria galega *lavandeira* é tamén a de maior presenza no norte de Portugal, especialmente no oriente, pero, por contra, que o portugués *tira-olhos*, ben coñecido por todo o territorio (con excepción do Algarve e o sur do Alentexo, dominados polas formas do tipo *azeiteiro*), só se coñece nun punto galego, moi próximo da fronteira.

Porén, si que se verifica que, en liñas xerais, a afinidade entre o léxico galego e o do norte de Portugal é ben maior que entre aquel e o do territorio centro-meridional, a sur do Mondego³⁰, o que Cintra (1962: 307) denominou «Portugal de colonização», repoboado a partir do século XII por xente de distintas proveniencias e que sería moito máis permeable a innovacións. A este respecto, cómpre chamar a atención para a necesidade de completar os mapas que obteñamos no noso confronto galego-portugués coa situación nos dominios

²⁹ A estes, podemos axuntar tamén os conceptos estudados en Álvarez (2010), dos que non podemos dar conta aquí por razóns de espazo.

³⁰ Son recomendables as reflexións de Castro (2004: 17-19), que parte de investigacións de xeógrafos e historiadores, a propósito desta importante fronteira.

lindantes, desde o asturiano ata as falas andaluzas, pois, como tamén manifestou Cintra (1962), o centro da Península é vía de entrada de moitas innovacións.

Posiblemente sexa esta receptividade a novas formas, fronte ó conservadurismo galego, o que explique a maior riqueza das respostas lusas: atendendo ós dous conceptos aquí estudados, só un 15% das designacións galegas son descoñecidas en Portugal, mentres que entre un 55 e un 75% das formas portuguesas son exclusivas dese territorio, non aparecen na rede de puntos galegos que estudamos.


O estudo contrastivo proposto polo proxecto de cartografía lingüística galega e portuguesa, complementado polo *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, achegará, sen dúbida, información esencial para o mellor coñecemento da realidade lingüística dos nosos países.

Bibliografía

- Álvarez, Rosario / Álvarez, Xosé Afonso / Saramago, João / Sousa, Xulio (2009): *Presentación de un corpus digital de léxico tradicional*: Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. In: *FD*, 28, 5-19.
- Álvarez, Xosé Afonso (2010): «E os da banda d'ala son máis estranxeiros ca os de Madrid?» *Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría*. In: *Verba*, 37, pp. 57-88.
- Álvarez, Xosé Afonso (no prelo a): *Sprachliches und sprachwissenschaftliches Material zur Untersuchung der galicisch-portugiesischen Grenze*. In: Endruschat, Annette / Ferreira, Vera (eds.): *Sprachdokumentation und Korpuslinguistik - Forschungsstand und Anwendung: Akten des 8. Deutschen Lusitanistentags*, München: Meidenbauer, pp. 189-220.
- Álvarez, Xosé Afonso (2011 b): «A joaninha era de Nossa Senhora»: *designações açorianas no campo lexical da fauna*. In: Pereira, Jorge Costa et al. (edd.) *O Faial e a Periferia Açoriana nos séculos XV a XX*. Actas do V Colóquio. Faial: Núcleo Cultural da Horta, pp. 401-423.
- Álvarez, Xosé Afonso (no prelo): «A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa». In: Monteagudo, Henrique (ed.): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*.
- Álvarez, Xosé Afonso / Saramago, João (no prelo, 2012): *Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra*. In: *ER*, XXXIV.
- Cairo Carou, Heriberto / Godinho, Paula / Pereiro, Xerardo (2009): *Portugal e Espanha. Entre discursos de centro e prácticas de fronteira*. Lisboa: Colibri.
- Castro, Ivo (2006): *Galegos e mouros*. In: Álvarez Blanco, Rosario / Fernández Rei, Francisco / Santamarina, Antón (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñible en http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf (última consulta: 1 de novembro de 2010).
- Cintra, Luís F. Lindley (1962): *Áreas lexicais no território português*. In: *BF*, XX, pp. 273-307. Dispoñible en http://cvc.instituto-camoes.pt/hlp/biblioteca/areas_lexicais.pdf (última consulta: 1 de novembro de 2010).
- García Mañá, Luis Manuel (2005): *Couto Mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Xerais.


- García Mouton, Pilar (2003): *Petites bêtes y etnotextos en el Atlas Lingüístico y etnográfico de Castilla-La Mancha*. In: Caprini, Rita (ed.): *Parole romanze. Scritti per Michel Contini*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 151-163.
- González González, Manuel (1994): *El Atlas Lingüístico Galego*. In: García Mouton, Pilar (ed.): *Geolingüística. Trabajos europeos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 169-185.
- González González, Manuel (2007): *El Atlas lingüístico galego, un hito en la historia de la dialectología gallega*. In: Dorta, Josefa (ed.): *Temas de dialectología*, La Laguna/ Tenerife: Instituto de Estudios Canarios, 95-121.
- Hoyer, Gunhild (2001): *Les désignations romanes de la libellule*. In: Contini, Michel (dir.): *ALiR*, Volume IIa. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca Dello Stato, 281-317.
- Maia, Clarinda de Azevedo (2001): *Fronteras del español: aspectos históricos y sociolingüísticos del contacto con el portugués en la frontera territorial*. En *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Unidad y diversidad del español*. Edición dixital: http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/unidad_diversidad_del_espanol/5_espanol_y_portugues/azevedo_c.htm (última consulta: 1 de novembro de 2010)
- Mondéjar, José (1991): *Algunos nombres románicos de la aguzanieves (Motacilla alba L.) (ALEA II, 414; ALEANR IV, 458; ALEICan I, 310)*. In: *AFA*, 127-142. Disponible en <http://ifc.dpz.es/recursos/publicaciones/15/72/07mondejar.pdf> (última consulta: 1 de novembro de 2010).
- Santos Rincón, María Luisa (1951): *Nombres de la aguzanieves*. In: *RDTP*, VII/3, 508-517.
- Saramago, João (2006): *O Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)*. In: *ER*, XXVIII, 281-298.
- Venâncio, Fernando (no prelo): *O contacto português-castelhano nos séculos XVI-XVII*. In: Monteagudo, Henrique (ed.): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega.

Mapas ³¹



Mapa 1. Designacións para a lavandeira.

³¹ No enderezo <http://www.geolingüística.org/artigos/cilpr26> pódense consultar estes mapas a cor e nun maior tamaño.



Mapa 2. Designacións para o cabaliño do demo ou libélula.